

Teremos billete único

Oleiros, Cambre e Culleredo, contarán ó fin con transporte metropolitano, un servizo acadado gracias á unión destes concellos, e á persistencia no obxectivo de lograr satisfacer unha vella demanda para tódolos veciños de Oleiros e dos restantes concellos da zona.

O billete único terá un prezo de 0,65 euros para tódolos usuarios abonados á tarxeta metropolitana.

Páxina 10



Os Portos de **Lorbé e Mera**: para uso dos **mariñeiros**, para o fomento do **turismo**

Páxina 6

Concello de  Oleiros

Vivir en Oleiros

Número 18
Decembro 2004
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O Paseo de Mera foi unha das obras máis importantes acometidas ó longo deste ano 2004



Obras prometidas, Obras cumpridas

■ Pechámo-lo ano, pero con el non remata o compromiso de continuar traballando por Oleiros. Non son poucas as obras e actividades das que informamos neste derradeiro número do Xornal do 2004. O concello quere dar conta dos compromisos adquiridos hai máis de 2 anos, e hoxe, publícase o especial "Vías de Futuro" que dá conta das actuacións comprometidas daquela, e que hoxe están feitas. Todo canto depende da decisión e actuación do Goberno Municipal, cumpríuse. Das obras pendentes, haberá que pedir conta ós verdadeiros responsables dos seus atrancos.

O Auditorio de Mera, a piques de ser rematado

O novo ano trae a Oleiros unhas novas infraestruturas culturais: o Auditorio de Mera. Nel, máis de 400 persoas poderán asistir ós eventos culturais que se programen para o ano, e que contribuirán a seguir dinamizando culturalmente o concello. Un obxectivo que pronto, será unha realidade. Páxina 9



XOVEOLEIROS un novo Programa de actividades

Se tes entre 35 e 60 anos, non dubides en inscribirte e participar deste novo Programa de actividades que organiza o concello. Terás clases de informática, cociña, tenis de mesa, fotografía dixital, técnicas de relaxación...

Páxina 11

OCIOLEIROS, o lecer é teu

Coma tódolos anos, os veciños e veciñas de entre 14 e 17 anos e entre 18 e 35, teñen unha cita con multitude de actividades lúdico-culturais, deportivas, artesanais, etc..., que non só ocupará proveitosamente o tempo do inverno... Participa, e ó mellor... viaxas.

Páxina 19

Como saber
ónde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768

Centros municipais de actividades	
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
C. Cul. As Torres Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz, Daniel Castelao,5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Casa de República. Rúa O Castelo, Oleiros	
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Vellos Arenaza	981 631 240
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618

Centros educativos	
C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquíu / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Inf. Vilanova / Nos	981 651 417
E. Inf. O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
E. Inf. O Castaño / Perillo	981 639 160
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I. María Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas	
Central Ríaleda / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristobo **981 153 338**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45-6,55-7,10-7,25-7,35-7,45 a 21 cada 15' -21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' -21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10-7,40-8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10-7,40-8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05-14,05. Volta 8,30-14,30 Dom+fest Ida 10,05-14,05. Volta 10,30-14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35 Dom+fest Ida 16,05-19,05. Volta 16,35-19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora-último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55-10,55-13,05-14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25-8,25 a 20,55 cada hora-Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora-Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50-7,10-13,05- de 7,40 a 20,40 cada hora-De 8 a 12 cada hora-De 14 a 20 cada hora-Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora-De 7,30 a 19,30 cada hora-20,50-22,30 Sábados Ida 8,50-9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h - a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 - a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11-21,10. Volta de Oleiros 11,30-21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45-13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora



Xa somos 30.714 veciños/las censados/las!

Até o 19 de novembro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.362
DORNEDA (San Martiño)	3.488
IÑÁS (San Xurxo)	1.221
LIÁNS (Santa Eulalia)	8.448
MAIANCA (San Cosme)	963
NÓS (San Pedro)	4.033
OLEIROS (Santa María)	2.506
PERILLO (Santa Leocadia)	7.224
SERANTES (San Xulián)	1.469
TOTAL	30.714

Querida lúa

O ciclo da lúa

Nova	10 xaneiro/8 febreiro /10 marzo	Minguante	17 xaneiro/17 febreiro/17 marzo
Crecente	3 xaneiro/2 febreiro/3 marzo	Chea	25 xaneiro/24 febreiro/26 marzo

Servicios Varios

-Veterinarios	A. Guillín 631567/Oleiros	J.Novo 908084450/Oleiros	J.Bao 635617/Perillo	J.Fernández 614919/Dorneda	F.Mañana 615298/Arillo	F.Sánchez 610779/Iñás	-ATS-Fisoterapeutas
Santa Cruz 626310	J.Arca 617591/Maianca	J.Pardo 631127/Dorneda	A.Barreiro 617887/Maianca	J.L.Martínez 636034/Perillo	J.L.Martínez 636034/Perillo	L.Siso 617461/Mera	M.Miranda 638633/Perillo
Gayacan 660335/Vilanova	J.A.Barros 626689/Dorneda	R.Pol 635325/Perillo	F.Beltrán 628373/Lorbé	J.Fernández 617720/Dorneda	A.Mato 667682/Nós	M.Siso 617467/Mera	J.L.Sánchez 638234/Perillo
Salud Animal 631651/Os Regos	J.Costa 635735/Sta.Cristina	-Instalacións eléctricas	J.M.Blas 635811/Perillo	L.Gacio 636587/Perillo	J.Mirón 618119/Mera	R.Suárez 615239/Dorneda	-Notarios
	A.Domínguez 661108/Nós	E.F.Orró 908584277/Mera	J.Cagiao 626038/Sta.Cruz	V.Naya 617096/Mera	V.Naya 617096/Mera	A.Sueiro 614849/Dorneda	A.Sueiro 611506/Oleiros
-Maquinaria de construción	Fonelec 662744/Nós	R.Pol 635325/Perillo	J.Cal 662449/Oleiros	A.García 618190/Serantes	M.Novo 610830/O Carballo	A.Uzal 908581521/Rialta	-Herboristerías
J.Barreiro 635474/Oleiros	C.Suárez 638400/Perillo	J.L.Rodríguez 626270/Dorneda	M.C.Carballo 631578/Nós	V.García 661448/Nós	A.Otero 631344/Oleiros	M.Vallo 610812/Oleiros	La Fresa Silvestre
-Reparación coches e bicis	J.García 610339/Oleiros	A.Vian 637254-908584691 /Perillo	Gomaño 666387/Oleiros	M.Ilanes 614356/Dorneda	J.Pampin 635920/Perillo	F.Vázquez 614927/Sta.Cruz	637118/Perillo
J.Galán 610710/Oleiros	S.García 611039/O Carballo	-Albanelería	O.Bravo 908586979/Sta.Cruz	D.Lamas 631356/Oleiros	J.L.Prego 626147/Dorneda	M.Vidal 631015/O.Valliño	-Masaxes-SPA
	F.J.Gruero 636092/Sta.Cruz	J.M.Alvarez 617788/Serantes	J.M.Fernández 614990/Arillo	A.Lastres 908586296/Dorneda	J.A.Prieto 610181/Oleiros	M.Vieito 610060/Oleiros	Aqua de Sta.Cristina
-Fontanerías	M.C.López 637010/Sta.Cruz	J.A.Arevalo 617243/Dexo	F.Fernández 636078/Perillo	A.López 617411/Mera	F.Recarey 617503/Oleiros	Construcións BROÑO	637303/Perillo
A.Taibo 614529/Sta.Cruz	A.Martínez 611317/Oleiros		E.Fernández 636572/Perillo	J.D.López 626082/Sta.Cruz	J.M.Rodríguez 610746/O Carb.	981617962/	-Seguridade laboral
	R.Mesias 660684/Nós				J.R.Sánchez 664599/Nós	669386126/Mera	Álvaro Viso 638214/Perillo

Por favor, se detecta algún erro ou carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanalo.



Alternativa dos veciños

Liberdade de expresión

No mundo actual, aqueles que manexan os fíos das multinacionais dos medios de comunicación, os Berlusconi de turno, son amos e señores de facendas e persoas –léase de gobernos e pobos. Dende as súas inaccesibles fortalezas, gardadas por exércitos privados de empresas de seguridade, e coas súas potentes e demoledoras armas para a formación de opinión, crean e canonizan santos, ou fabrican demos, segundo conveña ó asunto do que se trate. Estes adalides da “liberdade e a democracia” desean nos seus

“cuarteis” as campañas informativas á carta, e brindan ós grupos económicos de presión os seus servizos para quitar ou poñer presidentes de estado, deputados e alcaldes, ou ben para erguer ou arruinar a pequenos empresarios. Tamén ensalzan e descualifican a individuos con posibilidades de ocupa-los cargos medios da administración dun estado, faltando ó rigor e ó dereito que ampara ‘supostamente’ a calquera cidadán, protexidos por unha norma que preserva o “segredo profesional”. Contra estes monstruos da


comunicación, superviven pequenas editoriais, mediatizadas pola información que reciben e condicionadas por grupos económicos a través dos ingresos da publicidade, elementais para a supervivencia dos xornais. Cada día son menos os medios de comunicación que poden mante-la súa independencia. A liberdade de expresión estase a converter nunha falacia. Os grandes xornalistas, locutores ou comunicadores son relegados a espazos e programas secundarios e no seu lugar, colocan a charlatáns e feirantes,

quen coas súas mediocridades, afógannos en artigos e programas lixo que inculturizan e aborregan á cidadanía. Ims nunha dirección que nos leva á destrucción dunha gran cantidade de valores éticos, morais, humanos, que son imprescindibles para calquera sociedade libre democrática. Os que cremos e defendemos ditos valores, estamos na obriga de combater e denunciar constantemente as mentiras e enganados destes monstruos da comunicación, aínda que nos amedranten. Ou só nos quedará Sodoma e Gomorra.



O Grupo Municipal Popular desestimou a invitación de comunicarse cos lectores de “Vivir en Oleiros” realizada pola Alcaldía, tal como demostra esta carta do Gabinete de Comunicación do Concello e recibida polo Grupo.

Lamentamos non poder ofrecerlles esta estimada colaboración.



Luis Vázquez / Grupo Municipal Socialista

TRÁFICO: Un nuevo puente entre Oleiros y A Coruña sería la solución, a parte de los problemas que padecemos.

La Vía Ártabra y el Plan Viario Comarcal no resultarán suficientes para resolver los problemas de tráfico en Oleiros. Los socialistas consideramos que además de estas actuaciones, resulta imprescindible un nuevo puente entre Oleiros y A Coruña, concretamente desde la nueva glorieta que se está construyendo en la Curva Nirvana hasta Casablanca en Os Castros. Un proyecto ambicioso pero necesario y que precisa de la negociación con todas las Administraciones competentes.

Con este nuevo puente, y construyendo carreteras de circunvalación en Perillo, Santa Cruz y Mera, ganaría en fluidez todo el tráfico costero del municipio solucionando el problema al 60% de los vecinos de Oleiros.

Se está construyendo mucho, una media de 400 viviendas al año, casas y pisos, pero ninguna carretera. Las retenciones de tráfico y el mal estado de la calzada son dos de los problemas a los que nos enfrentamos a diario, y un municipio con un

crecimiento continuo de población tiene la necesidad de ampliar y modernizar su red viaria.

En un momento en el que este Ayuntamiento está trabajando en la Revisión del Plan de Urbanismo, todos estos aspectos tienen que ser recogidos en ese documento que debe garantizar la dimensión suficiente para la necesaria movilidad, para el correcto funcionamiento de las comunicaciones y del transporte público y privado, tanto el terrestre como el marítimo.

El Plan debe prever necesidades de nuevas carreteras, circunvalaciones, enlaces, puertos y un nuevo puente sobre la Ría para dar soluciones para las próximas décadas a un Municipio que se está ahogando en un territorio donde los problemas de tráfico siguen siendo una asignatura pendiente a la que el Gobierno Municipal parece no querer echarle un pulso, pero que debe ser el reto de un Gobierno que atienda a la demanda más reiterada por los vecinos.



Boque Nacionalista Galego Traballar polos veciños

Desde a chegada do BNG ao goberno municipal, aprobouse un grande número de novidades, entre as cais: un regulamento para a conserxería, limpeza e xestión das instalacións cubertas municipais, dous convenios para as

escolas deportivas municipais, bandeira de trañas na liga galega, convenio para o programa Oleiros en Forma, regulamento de uso dos pavillóns municipais, convenio co IES Francisco Aguiar de Betanzos para que estudantes de turismo podan realizar

as súas prácticas en Oleiros, asistencia por segundo ano á feira Expogallaecia, ordenanza que regula a imaxe das terrazas de hostalaría, regulamento do uso do galego, campañas de galeguización do comercio e a empresa, xornadas de

orientación laboral ou vivenda para mozos e mozas. Estas e outras iniciativas demostran que o BNG está a traballar positivamente polo ben dos veciños e veciñas do Concello, e a contribuír desde o goberno a mellorar as cousas en Oleiros.

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de Bases de Réxime Local.



Obras da urbanización de Canide: 88.000 m² de parque público en 242.184 m² de superficie

◆ Estanse realizando as obras da urbanización de Canide, que afectan a unha extensión de 242.184 metros cadrados, coa creación dun parque público de 88.000 metros cadrados pegado á zona costeira, por riba das calas de Canide e Portelo. Esta Urbanización contará con grandes espazos para outros equipamentos municipais.

Con cargo ó 10% de cesión obrigatoria, o concello pasou a ser propietario de 23 parcelas para vivendas unifamiliares, e dunha parcela para a construción de 18 vivendas de protección. Esta Urbanización, ampliará a estrada dende Breixo a Cabreira, e farase un paseo con arcéns, beirarrúas e carril-bici, e nova iluminación, conectados coas obras que o concello está a realizar a través da construción dunha rotonda nos accesos a Canide.

Desenvolvemento Industrial en Oleiros


Máis de 428.000 m² de áreas industriais: os Polígonos de Iñás

■ *Están definitivamente aprobados estes Polígonos, tendo comezado xa as obras dos novos accesos ós mesmos no núcleo de Iñás. Está previsto remata-las obras dos citados polígonos para o vindeiro verán.*

A parroquia de Iñás verase favorecida considerablemente por estas obras, porque serán urbanizados grandes tramos de rúas, dotándoas de iluminación e servizos, así coma doutras infraestruturas. Estas melloras infraestruturais revertirán na revitalización e maior dinamización da economía dos núcleos de poboación desta parroquia, estimulando a iniciativa dos emprendedores e abrindo novas vías de negocio e comercio en xeral. O beneficio revirte inevitablemente en todo o concello.

◆ Despois dun longo proceso burocrático e xudicial, dúas importantes actuacións urbanísticas industriais comezan a realizarse en Iñás, o que está atraendo xa a diversos empresarios e industriais ó concello de Oleiros. As áreas de actuación son dúas: unha de **396.916 m²** de superficie, e a outra de **31.713 m²**. Nesta última, emprazarase unha soa empresa de capital francés, que despois de diversas trabas burocráticas, rematou xa o proceso que permitirá comeza-las obras.

Estes Polígonos, ademais de crear novos postos de traballo dentro do concello, contribuirán ó desenvolvemento de diversas melloras das localidades de Iñás e Nós, ademais do resto do concello. Cabe salientar entroutras melloras, a creación dun Parque de **75.000 m²** que se emprazará na ladeira do lugar do Faro, en Iñás, protexendo a ribeira do Rego de San Pedro. Diversas parcelas pasan a propiedade do concello para destinar a equipamentos, e conquerindo así máis de **20.000 m²** de solo industrial de propiedade municipal, de xeito totalmente gratuito. En parte desta superficie o concello creará un viveiro de empresas para xoves emprendedores. Estas obras mellorarán as estradas provinciais e estatais en todo o seu ámbito, coa dotación dos servizos de arcéns, beirarrúas e iluminación, entroutras melloras.



■ Polígono Industrial de Iñás



■ Polígono de Jardiland



Unha nova Urbanización con **84** vivendas na **Pezoca**

◆ Proximamente darán comezo as obras dunha nova Urbanización no núcleo urbano de Oleiros, que dotará de novos espazos públicos, zonas verdes, equipamentos deportivos, así como de nova rede viaria de interconexión entre a Avda. Francisca Herrera e a Avda. de Venezuela. Isto permitirá dotar ó concello de 11 vivendas de protección a través da cesión ó mesmo do 10% de solo construíble. Nesta nova Urbanización está prevista a construción de 84 vivendas en baixo e piso, e baixo e dúas plantas.

O alcalde reuniuse cos **veciños afectados** por un tramo das **obras do Paseo da Ría**

◆ O alcalde, Ángel García Seoane, reuniuse cos veciños propietarios do solo colindante coa Ría da Pasaxe –dende a Ponte da Pasaxe até Agramar, no pasado mes de outubro. Na xuntanza espúxose ós veciños que o concello ten previsto –unha vez aprobado definitivamente o Plan Especial de Protección da Ría- realiza-las obras do Paseo dende Agramar até Santa Cristina, para o que presupostará nos orzamentos do 2005 unha partida para o inicio das citadas obras. O alcalde demandou dos veciños a disposición do solo necesario, é dicir, unha franxa de 6 metros dende a zona marítima terrestre, comprometéndose o concello a sufraga-lo custe das obras integramente e sen cargo algún para os veciños propietarios dos terreos, así como os custes de reposición de peches de fincas e conexión cos servizos que se emprazarán baixo o solo do Paseo, como son as redes de augas fecais e pluviais.



■ Paseo da Ría do Burgo

● Na actualidade, o concello xa dispón de máis do 50% do solo necesario, anque se está pendente de ultima-los acordos con algúns veciños. Dado o clima de diálogo creado, estímase por parte do Goberno Municipal que non será preciso en ningún caso chegar á expropiación dos terreos, xa que hai boa vontade na totalidade dos veciños.

Oleiros, o segundo concello galego que inviste en obra pública

◆ O concello de Oleiros inviste máis en obras municipais, que grandes cidades como Vigo. No 2003 Oleiros destinou 6,92 millóns de euros –dun orzamento de 23 millóns de euros, mentres Vigo, que tivo 175 millóns de euros de orzamento anual, só investiu 6,01 millóns. Isto chama a atención, pero a chama aínda máis se temos en conta que a cidade olívica conta con 263.000 habitantes e 66,2 quilómetros de superficie, mentres que en Oleiros hai algo máis de 30.714 censados. Só a cidade da Coruña supera a Oleiros en investimento, pero tamén cómpre lembra-la diferenza de censo existente entre un e outro concello.

En nº de proxectos de obras levadas a cabo no mesmo exercicio do 2003, Oleiros executou 21, mentres que A Coruña levou a cabo 30 proxectos, Lugo 20 e Vigo 41. Estes datos foron extraídos do ránking elaborado pola Federación Galega da Construcción.

● Obras en execución comezadas no 2003:

34 actuacións, incluíndo 1.100.000 € en asfaltados.

● Importe das obras do pasado ano incorporadas ó 2004:

9 millóns e medio de euros

● Orzamento do 2004 para obras previstas: 10.900.000 €, nun total de 151 actuacións. Destas, están contratadas ou xa feitas 96. Quedan por contratar no intre de pechar este xornal, e até o 31 de decembro, 55 obras.

● As 96 obras tramitadas supoñen un orzamento comprometido de 8 millóns €.

Nos últimos seis meses, 24 novas obras contratadas

■ Dende que o anterior "Vivir en Oleiros" chegou ás súas mans, a contratación de obras continuou sendo unha constante no concello de Oleiros. Obras de mellora dos espazos públicos, das urbanizacións, das infraestructuras deportivas e de servizos públicos... Porque Oleiros, resposta ás necesidades dos veciños.


- Acondicionamento dun Centro de Lecer para a mocidade en Santa Cruz
- Iluminación da pista de Tenis de Bastiagueiro
- Urbanización da rúa dos Vinculeiros en Maianca (acceso á Casa do Mar)
- Urbanización da rúa O Valiño no Carballo (Nós)
- Novo alumeadado público na zona do parque Luís Seoane en Santa Cruz e na rúa Francisco Comesaña
- Prolongación da rede de alumeadados públicos en diversos lugares do termo municipal
- Mellora dos colectores de augas residuais que verten ó Bombeo de Mera
- Renovación dun tramo da rede de sumidoiros na rúa Rosalía Castro en Perillo, zona Nelson Mandela, para rematar coas inundacións ocasionais na zona
- Conexión cun paseo de madeira dos paseos interior e exterior na punta da Praia de Santa Cristina
- Construcción dun bombeo de auga potable na Edreira (Oleiros) para mellora-lo subministro na zona
- Habilitación dun novo local para Radio Oleiros
- Rehabilitación da Casa do Arxentino como Aloxamento Turístico
- Construcción dun almacén detrás da Pista cuberta de Iñás
- Construcción dun depósito de áridos e almacen cuberto con canceira na nave municipal de Servizos
- Instalación dun ascensor na Centro Municipal de Formación

E hai outras obras en proceso de contratación, como son entroutras:


- Acondicionamento e ampliación do parque da Lagoa de Mera
- Redacción do proxecto do paseo da ría entre Agramar e A Fábrica en Perillo
- Nova piscina climatizada na Xesta
- Auditoría da rede xeral de sumidoiros
- Andén peonil na rúa das Torres (Oleiros)
- Beirarrúa na Avda. Concepción Arenal en Santa Cruz, dende Coruxo até O Muiño
- Beirarrúa entre a Igrexa de Dorneda e Santa Cruz
- Beirarrúa na Avda. Salvador de Madariaga (Montrove)
- Reacondicionamento da planta baixocuberta da Casa do Concello

Para uso dos mariñeiros e fomento do turismo, Oleiros contará con Portos Deportivos en Lorbé e Mera

◆ O concello ten redactados os proxectos de ampliación do Porto de Mera cun pequeno Porto Deportivo e de uso para os mariñeiros da zona, así como o un Porto Deportivo nas inmediacións do Porto de Lorbé, segundo indican os planos que se amosan. O alcalde García Seoane ten solicitada unha entrevista co Director de Portos da Xunta de Galicia, para que este organismo aborde as obras de mellora do Porto de Mera. O Porto de Lorbé require un forte investimento, polo que terá que ser estudada conxuntamente coa Dirección de Portos a posibilidade de execución do mesmo, contando con fondos públicos e privados.



■ LORBÉ



■ MERA

O concello contará con tres novos sistemas de bombeo en Santa Cruz, Bastiagueiro e a Ponte da Pasaxe

As obras suman un investimento de **1.800.493,50 euros**



■ Colector de fecais de nova impulsión en Bastiagueiro

◆ Están en construción dentro do Plan de Saneamento da Ría tres novos bombeos en Oleiros. Na Ponte da Pasaxe estase substituíndo o anterior bombeo que o concello nunca chegou a recepcionar –por ser moi deficiente–, por un novo que alberga un tanque de tormentas. Este bombeo recolle os efluentes de Oleiros e Cambre, cara Bens.

En Bastiagueiro constrúese un novo bombeo na traseira da Praia, e en Santa Cruz estase mellorando o actual bombeo cunha nova acometida eléctrica e un grupo electrógeno, e a dotación de bombas de alta capacidade. O custo das obras ascende a 1.800.493,50 euros

e finánciase a través de fondos da Comunidade Europea, destinados ó saneamento integral da Bahía e a Ría do Pasaxe.

Está tamén redactado o proxecto da segunda fase da mellora da rede de saneamento no concello, que contempla a construción dunha nova depuradora en Lorbé, a eliminación da depuradora existente en Oleiros e a renovación de todo o colector do río San Pedro, dende lñas até A Barcala. Tamén se recolle o telecomando de tódolos bombeos do concello, que superan a trintena. O importe desta segunda fase ascende a 3 millóns e medio de euros.

O curso que ven terá unha nova Escola Infantil no centro de Perillo

797.685 euros investidos nunha superficie de **1.133,36 m²**



■ Obras da escola de Perillo

■ O vindeiro curso 2005-2006 contará coa terceira Escola Infantil de Oleiros. Estará emprazada no centro de Perillo, e a ela poderán asistir 100 cativos. Esta Escola é nidiamente municipal, porque foi o concello quen a fixo posible integramente. Os terreos –anexos ó Instituto Valle-Inclán– sobre os que se constrúe son cesión do Plan Parcial de O Carballido. O seu investimento ascende a 797.685 euros, e prevese que rematen as obras arredor do mes de abril do vindeiro ano.

◆ A Escola Municipal Infantil de Perillo contará con 7 aulas, un dormitorio e dous departamentos de usos múltiples. En total, a superficie construída en interior é de 990,60 metros cadrados, e a de dependencias exteriores é de 142,76, é dicir, que a superficie total construída ascende a 1.133,36 metros cadrados.

Esta Escola configúrase na interacción de factores arquitectónicos e factores de método psicopedagóxico. Despois de diversas entrevistas da concellería de Servizos Sociais coas Escolas Infantís Municipais, achegáronse unha serie de obxectivos que foron recollidos no deseño da obra, e que permitirán que, por exemplo, esta Escola Infantil de Perillo resposte ás necesidades dos nenos e permita ás familias atender-las súas actividades laborais. Por iso, ofrece transporte, comedor con almorzo e merenda, e equipo de orientación.

As aulas que acollerán ós bebés de 0 a 12 meses, estarán repartidos en dúas aulas con 8 nenos cadansúa. Os pequerrechos de 1 a 2 anos, estarán distribuídos noutras dúas aulas con 13 nenos cadansúa, e os de 2 a 3 anos estarán nas 3 restantes aulas en número de 20 rapaces por aula.

Deste xeito, e seguindo estas achegas, tanto o mobiliario das aulas coma o dos dormitorios e as demais estancias da Escola, terán tanto as medidas de seguridade como os garantos de servizos axeitados ás idades dos cativos que as ocupen. Ademais, e disto informarase en xornais municipais posteriores, estase xa analizando todo canto atinxe ás cuestións educativas: persoal docente, comedor, sala de enfermería, xardíns, etc..., de cara a dar cumprimento ós criterios de desenvolvemento humano que se recollen e fundamentan na lei.

O incremento da **demanda de matrículas** propicia **novas aulas na Escola de Danza** ▶

◆ O feito de posuír o concello novas instalacións na Praia de Santa Cristina para actividades náuticas –un local de 400 m² adquirido por convenio urbanístico) nas inmediacións do actual Club de Regatas, fixo posible trasladar a elas as traineras e bateles que estaban no Náutico da Fábrica, liberando así os espazos que ocupaban estas instalacións na Fábrica, e que agora se destinan a novas aulas para Danza e Música, dúas delas xa habilitadas, cun investimento total de 68.106 euros.

Está prevista a habilitación doutras dúas aulas máis, unha vez que se muden as embarcacións que restan por trasladar no outro pañol da Fábrica. Deste xeito, disporanse de 4 aulas máis en total respecto das que se tiñan até agora.



A necesidade de acometer estas obras ven dada polo incremento da demanda por parte dos veciños e veciñas de Oleiros, para recibir formación de danza e música. Un feito que corrobora a consolidación das Escolas Municipais de Danza e Música, e a grande aceptación que ten entre os oleirenses. Unha aceptación que fixo medra-la matrícula este ano a 270 alumnos no caso da Escola de Música, e a 110 na de Danza. O incremento é considerable se temos en conta que o curso pasado había 220 e 75 matriculados respectivamente nas devanditas Escolas.



◀ Reclamouse a **Fomento** a ordenación do **cruce de Solimar na N-VI**

◆ Nos proxectos previstos polo concello para a mellora do tráfico na N-VI, figura a ordenación dunha rotonda con paso inferior que permitirá a desconxestión das longas colas que se xeran nos accesos hacia Oleiros. Ademais, con este proxecto, os veciños na N-VI das Mariñas, residentes na zona de Agramar, terán acceso directo ós seus domicilios, sen necesidade de ir dá-la volta á rotonda da Ponte Pasaxe, na zona da Coruña. Estas obras son prioritarias para o concello, e estase en conversas cos representantes do Ministerio de Fomento para que se inclúan nos oramentos do estado para o vindeiro ano 2005.

Novos **compromisos**, novas **obras**, máis **seguridade vial**

◆ Ademais de informar das obras realizadas ó longo dos dous últimos anos -das que se dá conta no 'especial Vías de Futuro' deste número- o concello quere informar tamén desoutros compromisos que redundarán nun maior benestar social dos veciños e veciñas de Oleiros.

A seguridade vial é inherente á realización das obras públicas, e o concello asumiu o compromiso de facela extensible a tódalos pobos e parroquias.

Así, por un importe de 45.000 euros, acometerase a beirarrúa da estrada de Soñeiro, dende a rúa Ramón Núñez Montero até Saltoxo; un andén peonil até o Faro de Mera, dende Xoés en Mera, nunha estrada do

Porto da Coruña, contratada xa esta obra por 60.000 euros; un arcén, carril-bici e beirarrúa entre Breixo e Canide por unha man, que se constrúe en execución da Urbanización de Canide.

Ademais, farase un arcén e beirarrúa na Avda. Fonte do Ouro dende Oleiros até Arenaza, que se vai construír na execución do Solo Industrial de Iñás, e construíranse tamén arcéns e beirarrúas na N-VI entre Arenaza e a estrada de Mandín, por ámbalas marxes, e beirarrúas na zona do Campamento na Avda. Espoz y Mina, en construción dentro da obra do enlace de Iñás que executa o Ministerio de Fomento sobre un proxecto redactado polo concello, e onde este aportou os terreos.

Máis infraestructuras culturais

O Auditorio de Bastiagueiro

◆ Tralas xestións feitas polo alcalde ante a Deputación e o Rector da Universidade da Coruña, estase a redactar un Plan Especial de Ordenación do Solo de Propiedade Provincial, emprazado nas inmediacións do Estadio de Bastiagueiro.

O Plano definirá os usos do solo, prevéndose o emprazamento do Auditorio Municipal nas inmediacións do actual aparcadoiro da Praia de Bastiagueiro, en conexión co paso elevado.

O estudio preverá solo para que a Universidade coruñesa poida realizar no futuro novas construcións universitarias.



■ Aquí verémo-lo Auditorio de Bastiagueiro

Oleiros segue apostando pola cultura

Teatro, música, eventos culturais: pronto, no Auditorio de Mera



■ Maqueta en 3D do Auditorio de Mera

■ *As obras do Auditorio de Mera están moi avanzadas. O Auditorio está emprazado nas instalacións do antigo Cuartel, cuxo interior foi derruído cun especial coidado en executa-los arriostramentos precisos para apuntala-los muros existentes, mentres dura a execución da obra. Dado que conta ó lado coa antiga parcela do cuartel, permite dispor de aparcamentos no contorno do Auditorio. A superficie total construída nesta obra é de 1.186,70 metros cadrados, sendo a superficie útil de 1.021,8 m². O orzamento que se inviste nesta obra é de 1.453.790 euros.*

◆ Prevese que a finais de xaneiro, comezando o novo ano, 400 persoas poidan sentarse pracidamente a desfrutar das actividades culturais que neste Teatro se realizarán a partir desa data. Estas actividades poden ser moi variadas, porque a construción deseñouse pensando o espazo de tal xeito que poida acoller no escenario tanto un concerto musical coma unha obra de teatro ou calquera outra actividade cultural. A acústica, é a axeitada.

O patio de butacas conta con 400 cadeiras móbiles, o que posibilita que para casos que así o demanden, se poidan retirar para contar deste xeito cunha ampla pista baleira. Conta ademais de cun escenario de grandes dimensións (156,8 m²), con dúas salas multiusos no primeiro andar, de 53 e 49,7 m² candansúa, e dende as que –ademais de serviren para eventos máis reducidos, como encontros, charlas, cursos e demais– tamén se pode desfrutar dos eventos culturais que teñan lugar no escenario da planta baixa.

Todo unha aposta do concello de Oleiros por seguir contando con infraestructuras culturais no concello. Neste caso, a dimensión do Auditorio acada o tamaño medio, satisfacendo unha boa parte da demanda cultural que até agora non estaba restrinxida a espazos máis limitados, como os Auditorios de A Fábrica ou o das Torres de Santa Cruz, ademais das Casas do Pobo de tódalas parroquias.



■ Pronto estará aberto ó público

Impulsa-lo Pacto de Mariñán para beneficio dos concellos do Consorcio das Mariñas

■ O Consorcio das Mariñas, que está composto polos nove concellos da comarca excepto A Coruña, ante o abandono da Xunta e do Goberno central respecto á dotación e mellora de infraestruturas na Área Metropolitana da Coruña, convocou o 9 de xullo pasado a sindicatos, empresarios, Cámara de Comercio, Universidade e ó concello da Coruña, para a creación dun Foro de Debate e Defensa de investimentos para a zona. Despois de analiza-la realidade da área, as súas potencialidades, carencias e necesidades, marcáronse uns obxectivos polos que traballar conxuntamente tódolos asinantes do Pacto.

◆ Un destes obxectivos prioritarios foi demandar da Xunta a aprobación do Plan Viario Comarcal, que levaba dous anos parado na Consellería de Obas Públicas, feito que se produce o 28 de xullo. Neste Plan acórdase dar prioridade a dous viais, á Terceira Ronda da Coruña dende o Monte Sampedro até Sigrás, e a Vía Ártabra dende Sigrás a Lorbé.

O Foro de Mariñán na súa última xuntanza, acordou por unanimidade esixir ó Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a inclusión nos orzamentos do 2005, partidas económicas para comezaren os procesos de iniciación das obras da Terceira Ronda, e a redacción de proxectos e estudo de impacto ambiental para a Vía Ártabra.

Outra das prioridades está relacionada coa posta en funcionamento dun transporte urbano de calidade, e que atenda ás necesidades comarcais, coa creación de novas liñas e implantación do billete plano que permita a combinación do transporte interurbano co urbano da capital, e a un custe reducido.

O Foro, aprobou tamén constituír unhas Comisións para o seguimento das demandas ante a Xunta e o Goberno central, así como para crear e presentar alternativas a diversos temas imprescindibles para o futuro económico e social da comarca, como son: a construción do Porto Exterior, as melloras de seguridade de Alvedro, o saneamento das Rías, a mellora do ferrocarril, o desenvolvemento de solo industrial, e outros moitos temas vitais para o desenvolvemento da comarca, que afecta a máis de 400.000 cidadáns.

Por fin, teremos transporte metropolitano

O billete único custará 0,65 € ós abonados á tarxeta metropolitana

■ A forza da unión dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo, e a insistencia do rexedor municipal oleirense diante da Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, logrou unha solución ó tan desexado "billete único" que contemplaba o Plan de Transporte comarcal para a área metropolitana da Coruña.

◆ Sabido é que o último borrador do convenio que presentaba a Xunta de Galicia para a súa sinatura por parte destes tres concellos (Cambre, Culleredo e Oleiros), era perxudicial para as respectivas arcas municipais. O elevado custe económico que supoñía para os concellos o aceptar ese borrador, deixou de ser un atranco a raíz das xuntanzas mantidas polos devanditos concellos co director xeral de Transporte, e posteriormente coas xuntanzas que se celebraron en Santiago. Antes de que isto ocorriese, a dirección xeral tivera negociacións co concello da Coruña, mantendo ós restantes concellos á expectativa de cómo afectarían estas conversas sobre a implantación do billete único. Pero A Coruña, rematou por descolgarse do proxecto.

Así, a nova liña -de predominante interese municipal- será prestada por un microbús de 22 prazas provisto con plataforma elevadora, habilitado para transporte de persoas con mobilidade reducida, e operará en exclusiva en cada un dos tres concellos.

A nova liña de transporte

◆ Esta nova liña en Oleiros, percorrerá de norte a sur o concello, mantendo unha da cabeceiras na parroquia de Dexo, en Lorbé, e ampliándose a outra cabeceira que estaba prevista no Seixal, na parroquia de Nós, até O Burgo. Isto ven motivado porque neste lugar establécese un punto de encontro con autobuses que se distribúen polos concellos de Cambre e Culleredo. Trátase de amplia-lo servizo ós veciños de Oleiros nestas zonas.

O servizo será efectuado de luns a venres, prestándose durante 16 horas diarias.

◆ A implantación desta nova liña está valorada en 75.000 €. O déficit de explotación será asumido polo Concello nun 50 % e a empresa adjudicataria asumirá o outro 50%.

Estas cantidades actualizaránse cada doce meses, aplicando un coeficiente equivalente ó incremento do IPC.

Os servizos prestados baixo esta modalidade estarán sometidos ó réxime tarifario xeral concretado nos seguintes puntos:

Servizos abonados coa tarxeta metropolitana:

- Cada viaxeiro pagará0,65 €
- O concello subvenciona a diferenza cun0,10 %
- A Xunta subvenciona cun0,15 %
- A empresa adjudicataria subvenciona cun0,10 %

◆ Os Concellos asinantes deste Convenio acordan mante-lo servizo nas condicións devanditas durante un período mínimo de ano e medio dende o comezo do servizo.

● O pago do billete para calquera dos servizos contemplados neste convenio permitirá realizar un transbordo gratuíto para un segundo tramo en calquera dos servizos prestados dentro do ámbito xeográfico contemplado do transporte metropolitano de A Coruña, e sempre que non transcorra un lapso de tempo superior a 1 hora e media entre o comezo nos dous tramos que utilice. Este apartado será revisado nun futuro próximo por se fose susceptible de ampliación.

● Este servizo preténdese que comece a funcionar no vindeiro mes de marzo.

O concello promoverá o comercio local coa edición dunha **Guía** ▼

◆ O concello de Oleiros, a través do Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo", elaborará unha Guía do Comercio de Oleiros, na que se recollan tódolos establecementos comerciais existentes no ámbito municipal, de cara a fomentar e dinamizar o sector, promovendo entre os cidadáns a idea de investir e mercar no comercio local. Esta Guía será distribuída dentro e fóra –no ámbito comarcal– do concello, de cara a

promover e potencia-lo sector, para contribuír a dinamizalo e promocio-lo entre a poboación, fundamentalmente a oleirense.

O concello considera fundamental que os veciños coñezan tódolos servizos dos que dispón na área municipal, así como os profesionais autónomos ós que se deben chamar para traballos cotiáns –fontanería, electricidade, etc...

Fomentando o turismo



Máis de **10.000** visitas á caseta de **Oleiros** en **Expo-Gallaecia** de **Vigo** ◀

◆ Por segundo ano consecutivo, o concello estivo presente na Feira de Turismo de Vigo, Expo-Gallaecia, que se celebrou do 29 de outubro ó 1 de novembro e pola súa caseta pasaron máis de 10.000 persoas que demandaron información sobre o concello. Unha caseta innovadora e con novo deseño, acollía o diverso material informativo que foi distribuído entre os milleiros de visitantes da mesma. Uns visitantes que demandaron información sobre os atractivos turísticos, os lugares de interese, a riqueza

histórica e natural, e todos aqueles aspectos significativos que fan de Oleiros, un lugar para desfrutar.

De entre os visitantes que se achegaban á caseta, máis de 1.500 participaron dun sorteo dunha fin de semana en Oleiros, con estada hoteleira (no Hotel Brial), ceas e xantares nalgúns dos mellores restaurantes do concello (El Refugio, Cámping Los Manzanos, Casa do Arxentino e Torre de Lorbé), e visitas guiadas a diversos puntos de interese de Oleiros. O sorteo gañouno un veciño de Pontearreas. Establecéronse contactos con diversos touroperadores, así como con institucións políticas da provincia vasca de Biskaia de cara a unha próxima visita ó concello de Oleiros. Así mesmo, contactáronse con outros concellos de Galicia e Portugal para que estes tivesen presenza en Feiras como 'Alfaroleiros' ou a "Feira do Mel", nas vindeiras edicións.

"XOVEOLEIROS 35|60"

Se tes entre 35 e 60 anos, ¡participa!

- Cociña ● Informática ● Bailes de salón ● Aerobic
- Tenis de mesa ● Pintura
- Técnicas de relaxación ● Fotografía dixital...

Inscríbete antes do 15 de xaneiro na conserxería da Fábrica de Perillo (981 636598)

Tódalas tardes-noites dende xaneiro a maio, están cheas de actividades!

Información: Cultura (981 610000) e A Fábrica


RADIOLEIROS 101.5 FM

"Fío aberto co alcalde de Oleiros"

Para falar dos temas máis actuais do Concello

Para falar en directo co alcalde

☎ 981 631 078 - 981 610 000

O alcalde segue a ser obxectivo das máis burdas difamacións

A construción da súa casa é absolutamente legal



■ Unha vez máis, o alcalde, Ángel García Seoane, foi obxecto dunha difamación que, neste caso, pode incurrir en delito. A través de distintos medios de comunicación, persoas ligadas ó Partido Popular verteron unha serie de inxurias relacionadas co expediente da construción da casa do alcalde. Esta documentación foi entregada á prensa polas devanditas persoas, antes de que o expediente fose comunicado ó afectado, e incluso antes de que fose resolto oficialmente. É difícil entender cómo pode haber un uso tan malévolo das institucións, nin cómo poden existir persoas dentro da administración que se presten a feitos tan claramente delictivos.


¿De verdade alguén pode crer que a mesma persoa que obrigou a derrubar 14 edificios nas costas de Oleiros, que foi ultraxado persoalmente por sacar unhas pedras da praia de Santa Cristina... que foi por iso desposuído do cargo de alcalde... sería tan imbécil como para infrinxi-la Lei de Costas invadindo a zona de protección nun metro, nun dos recunchos da casa, contando cunha finca urbana de 60 metros de fondo?

◆ Estes feitos, ó amparo das leis de procedemento administrativo e dereitos fundamentais das persoas, poderían cualificarse como delito atribuíble ó funcionario ou responsable político que así procedese, pero que ó amparo do “secreto profesional” que protexe ós medios de comunicación, é case imposible descubrir estes delinquentes políticos difamatorios, porque a prensa ten dereito a “non revela-las súas fontes informativas”.


Nos documentos que se amosan nestas páxinas, pódese comprobar que a actuación do concello e do alcalde –como promotor da súa vivenda– axústanse en todo momento ó Planeamento Urbanístico Municipal, e que contaba ademais cos informes favorables tanto da Consellería de Obras Públicas da Xunta de Galicia, coma do Ministerio de Medio Ambiente do estado, organismo este que ten as competencias do deslinde das costas españolas.

Os antecedentes

O alcalde é propietario dunha parcela emprazada no Polígono 2 do Plan Parcial “As Galeras”, identificada como ‘parcela 1b-7’, sobre a que se construíu unha edificación. O desenvolvemento deste ámbito esixiu a previa tramitación do Plan Parcial ante os órganos competentes das Administracións autonómica e municipal, e da Demarcación de Costas de Galicia, co alcance que se indica de xeito resumido.




● Cómpre salientar que o Plan Parcial informado favorablemente pola administración autonómica e do estado, recolle con claridade na totalidade dos planos que incorpora, a liña de deslinde provisional do dominio público marítimo terrestre, e a liña que delimita a zona que se atopa afectada pola servidume de protección.




Os informes favorables

● Con data 21 de abril do 1998, a Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, dictou informe previo en sentido favorable, ó documento de aprobación definitiva do Plan Parcial remitido polo concello de Oleiros. A Consellería de Medio Ambiente tamén informou favorablemente dentro das súas competencias en materia de costas.




● Na sesión plenaria do concello de Oleiros celebrada o 31 de xullo de 1998, acordouse a aprobación definitiva do Plan Parcial de As Galeras, expediente que previamente obtivo informe favorable da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, con data 26 de xuño de 1998.




... e aínda máis documentos...

● Con data 7 de maio do 2002, o concello de Oleiros outorga a Ángel García Seoane a licenzia para a “execución de vivenda unifamiliar e peche frontal da parcela emprazada no Polígono 2 do Plan Parcial “As Galeras”, na rúa E, parcela 1-b-7 Liáns”, licenzia número 193/2002. Con data 17 de setembro dese mesmo ano, formalízase a “Acta de Fixación de Alineacións e Rasantes de acordo co PXOM”, na que a propiedade e os técnicos municipais establecen o emprazamento da edificación dentro da parcela, indicando así mesmo a liña que delimita a zona afectada pola servidume de protección de costas.



... e foi autorizado o peche

● O 8 de xaneiro do 2003, García Seoane solicitou a preceptiva autorización da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, para executa-las obras de peche da finca na zona afectada pola servidume de protección, que foron autorizadas con data 1 de abril do 2003.



Queda pois clara, e os documentos falan por si mesmos, a intencionalidade que acochan as falsas acusacións, as difamacións, as calumnias que apareceron nos medios de comunicación. Algúns políticos ligados ó PP, ante a impotencia de non poder rematar coa vida política dunha persoa que só ten como principio a defensa dos seus veciños, escollen os métodos máis carroñeiros e miserables para sementa-lo desprestixio e a desconfianza nela. Pero o tempo é, en definitiva, quen desviste as mentiras, e quen coloca a todos no seu sitio.

Combate-lo feísmo urbano e reforza-lo turismo, coa nova Ordenanza que unifica a imaxe dos espazos públicos de Oleiros

■ O concello de Oleiros incluíu no Proxecto de Ordenanza reguladora da utilización especial da vía pública no que atinxe ós negocios hostaleiros, aprobada no Pleno do 8 de novembro, unha proposta que estes realizaron na asemblea celebrada co sector o 18 de outubro pasado. De tal xeito, os propietarios hostaleiros que fagan uso dos espazos públicos instalando terrazas, poderán recolle-las apilándoas e amarrándoas no exterior dos propios establecementos, se ben estes non poderán nunca ser amarrados nin a árbores, nin a postes de luz, nin a ningún outro tipo de mobiliario urbano público.

◆ O concello estudou a creación desta normativa para o caso concreto das terrazas de hostalería, de cara a unificar a imaxe exterior destes establecementos cun mobiliario que ofrezca unha imaxe corporativa que contribúa a combater-lo feísmo duns elementos que forman parte do aspecto urbanístico de Oleiros. Inclúense no texto a aprobación das dimensións dos emprazamentos das terrazas, garantindo espazos suficientes para a mobilidade dos transeúntes, a ordenación do mobiliario das terrazas cos materiais que o compoñen, e a eliminación definitiva da publicidade nel.

Esta estética urbana é un obxectivo que sen dúbida, beneficiará ó propio sector hostaleiro, toda vez que ofrecerá no termo municipal unha estampa singular e harmónica, atractivo non só beneficioso para os veciños do concello, senón tamén para os visitantes no seu conxunto. O turismo supón un elemento básico para a dinamización da actividade económica, e cada vez máis abonda o turista esixente cos distintos aspectos culturais e de estética urbanística. Ademais, téntase tamén eliminar prácticas molestas, tais como intercepta-los accesos ás vivendas nas zonas de lecer comunitarias, eliminar elementos accesorios dos locais de hostalería que non deben figurar no exterior, ou reduci-lo exceso de emisións acústicas, sobre todo en horarios nocturnos. En definitiva, preténse eleva-la calidade de vida.

As normas propostas son de aplicación específica para a instalación de terrazas limítrofes cos establecementos de hostalería con mesas, cadeiras, separadores e parasoles, ou instalacións análogas complementarias da actividade realizada nos locais. As máquinas expendedoras de negocios ou as recreativas adosadas ás fachadas, caixeiros automáticos, así como as casetas e contedores de obras e instalacións de andamiaxe para a reparación e/ou pintada das fachadas, non son alleas a este proxecto.



“Ocioleiros” levou a 50 oleirenses a Cuba

◆ Tralo concurso celebrado entre os veciños e veciñas participantes do programa cultural de “Ocioleiros” 2003-2004, cincuenta mozos e mozas viaxaron o pasado mes de setembro a Cuba, lugar de destino elixido polos propios gañadores do concurso.

O Vicepresidente do Consello de Estado, D. José Ramón Fernández, coñecido como “Gallego Fernández”, ofreceu unha recepción oficial a toda a Embaixada oleirense na que agradeceu a visita a Cuba, e informou da actual situación internacional, que segue afectando á illa. A viaxe desenvolveuse entre a cidade da Habana, na que se visitou parte da Habana colonial, e Varadero, zona de grande importancia turística, dotada de 25 quilómetros de praias e de zonas de ocio.

O coñecemento da vida cotiá de Cuba foi tamén obxecto de achegamento por parte dos visitantes, de cara a ter unha visión real e non deformada daquela realidade social.

A visita durou unha semana. Á despedida no aeroporto de Santiago acudiu a Cónsul Xeral de Cuba en Galicia, María Sánchez.



■ A Cónsul Xeral de Cuba, María Sánchez, despediu no aeroporto de Santiago ó grupo de Oleirenses, acompañado do alcalde.

CONTRA O VANDALISMO: COLABORACIÓN CIDADÁ

◆ Non hai mellor xeito de combater-lo vandalismo e as actitudes gamberras, que colaborando todos na súa extinción. As actitudes non respectuosas cos bens públicos, cos espazos públicos, coas infraestructuras creadas para servizo e uso de todos, son xestos que, desgraciadamente, existen en tódalas cidades e concellos. De pouco serve nestes casos a existencia das leis, nin os códigos de comportamento cívico. Recentemente, tívose que poñer un portal no acceso á pasarela do Castelo que só estaba pechado polas noites. Os actos vandálicos no entorno do Castelo custáronlle a tódolos oleirenses, máis de 30.000 euros investidos na reposición do todo o alumeado artístico do contorno e dos accesos da pasarela.

Feitos similares acontecen a diario no Parque Natural costeiro das Galeras, onde bancos, mesas, papeleiras, xogos infantís e iluminación, son constantemente agredidos. A pesar de existir un corpo de Policía Local, é imposible controlar e combater estas actitudes vandálicas e erradicalas de entre a

colectividade. Pero si hai un remedio eficaz: a colaboración cidadá. Que cada veciño e veciña sexa un coidador e coidadora dos bens públicos, que todos pagamos, e que todos e todas debemos desfrutar. Denunciar diante das autoridades locais calquera actuación que vexamos infractora e delictiva, é o mellor xeito de combater actitudes ofensivas e irrespectuosas coa nosa sociedade. Porque Oleiros, somos todos e Oleiros, é de todos. Pero sempre, dentro do respecto ás normas de convivencia e boa relación cívica.



Denuncia as actitudes de vandalismo

Non deixes que os **actos vandálicos e irrespectuosos** co vecindario, entorpezan as boas relacións e danen os bens públicos

DENUNCIA NA POLICÍA LOCAL ESTES ACTOS

Polo ben de todos, para garanti-las mellores relacións sociais, para acada-la perfecta convivencia pacífica

COLABORA

Non permitas que danen o mobiliario urbano nin os espazos públicos

DENUNCIA AS AGRESIÓNS Ó PATRIMONIO MUNICIPAL.



✓ Porque...
**OLEIROS,
É DOS VECIÑOS**

✓ Porque...
**TODOS E TODAS,
SOMOS OLEIROS**

A Policía Local realizou máis de 4.500 intervencións dende xaneiro a outubro

A seguridade cidadá centra a atención da actuación municipal

■ *A seguridade cidadá segue sendo para o concello de Oleiros unha das súas principais ocupacións e un compromiso cos veciños. Pero non basta coa actuación policial. Para preserva-lo dereito á seguridade cidadá, é fundamental a colaboración dos veciños e veciñas, que son os que, en definitiva, teñen o dereito a ter garantida a súa seguridade. Velaí a importancia de contarmos cunha Policía Local eficaz, e os datos... cantan e cantan.*

◆ Máis de 4.500 actuacións leva realizado o Corpo da Policía Local de Oleiros no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro deste ano. Dentro das múltiples competencias que ten este departamento, a Seguridade Cidadá encabeza a lista de intervencións, con 908 actuacións, seguida de 763 denuncias de tráfico. No departamento de Servizos Municipais tramitaron 452 informes sobre deficiencias, roturas, danos na vía pública, instalacións e mobiliario urbano, etc...

◆ Realizáronse tamén 503 informes sobre distintas comprobacións, como son vehículos abandonados, zarzas, refugallos, cans soltos, e outros. Realizáronse 359 dispositivos de tráfico nos colexios, así como 284 dispositivos para outro tipo de necesidades. Interviñeron así mesmo 280 veces en accidentes de circulación, e 205 en medidas cautelares.

◆ A Policía Local realizou ademais 190 notificacións ós distintos departamentos do concello, tramitaron 154 denuncias por distintos motivos –danos en mobiliario urbano, horarios de peche, zarzas, vehículos abandonados, refugallos, cans soltos, condicións sanitarias de animais, depósito de lixo fóra do horario, verquidos, etc...-, 45 informes para o departamento de Sanidade e Consumo, así como 63 para o de Medio Ambiente. Ó departamento de Obras Públicas fixeron chegar 39 informes.

◆ No departamento de Urbanismo tramitaron 99 comprobacións, 90 denuncias urbanísticas, 34 intervencións en medición de ruidos, 5 talas sen licencia, e no apartado de intervencións varias, a cifra ascende a 525. No departamento de Xestión Tributaria e Recadación, realizaron 74 informes.

SERVIZOS SOCIAIS

A atención ós nosos maiores: unha vocación, un compromiso, unha realidade ▼



■ Taller de actividades para maiores en Sta. Cruz

◆ *Oleiros é o único concello, dos 317 que ten Galicia, que conta cunha Residencia dedicada á atención dos anciáns*

◆ *O Centro de Día do Pazo de Arenaza abríuse hai 8 anos. É un edificio histórico adquirido e restaurado polo concello a través dun convenio urbanístico. Non foi un agasallo recibido.*

◆ O concello creou este Centro pensando nas familias máis desfavorecidas economicamente; en concreto, anciáns abandonados polas súas familias ou persoas que non podían ser atendidas polos seus familiares, por carecer de recursos económicos.

◆ A capacidade deste Centro é para 40 persoas. Quere isto dicir que un concello con máis de 30.000 habitantes debe ser moi selectivo á hora de ocupa-las prazas, para aceptar aquelas que só resposten ós criterios municipais. O que non quere dicir que non teñan dereito a ser atendidas, pero noutros Centros. En Oleiros hai 3.

◆ O concello está seguro de que ningún veciño de Oleiros que pague rigurosamente os seus impostos, estaría disposto a que, cos recursos municipais, se estean financiando a persoas e familias que si contan con recursos, e familias que si están obrigadas a atender ós seus maiores.

◆ O concello estaba abonando até datas recentes por cada usuario, 413,88 € (68.864 antigas pesetas), é dicir, 15.727,44 € (2.616.826 pts) ó mes, ademais do transporte, que no caso dos anciáns sen recursos ascendía a 42,89 € (7.136 pts) ó mes.

◆ O Centro creouse por cidadáns de Oleiros para os veciños de Oleiros. Na actualidade, e por descoído dos responsables municipais, da administración local, estaban sendo atendidas persoas dos concellos da Coruña, Cambre e Sada. Quere isto dicir que cos impostos de Oleiros, estabamos subvencionando a persoas doutros concellos. O concello recoñece neste sentido, os erros cometidos.

◆ A revisión do contrato e das cláusulas do mesmo, que non se circunscibían á atención ós maiores senón tamén á conservación do edificio, fixo que o concello detectase diversas anomalías no servizo. Hai que engadir a isto a turbia relación dalgúns traballadores da Cruz Vermella coa dirección desta entidade (problemas de acusado absentismo laboral, etc...), feito este que repercutía no funcionamento do Centro.

◆ Ó parecer, este último aspecto é unha das principais razóns que fixeron que a Cruz Vermella quixese rescindi-lo contrato.



■ Aula de maiores en Perillo

■ Dende o momento en que o Goberno Municipal analiza a crítica situación do Centro, tómanse as medidas oportunas para subsana-las anomalías e deficiencias devanditas, así como para garantir, a partir do 31 de decembro –data da resolución do contrato- a atención en Centros especializados dos maiores de Oleiros atendidos en Arenaza. Estes feitos, e non esoutros inventados polos grupos políticos municipais do PP e PSOE -que manipularon indiscriminadamente ós anciáns e ós seus familiares, creando un clima social de crispación- foron os que desencadearon a rescisión do contrato coa Cruz Vermella e o cambio no sistema de atención ós anciáns atendidos até entón, no Pazo de Arenaza.



■ Aula de maiores en Sta. Cruz



■ Aula de maiores en Oleiros

◆ En resumo, o Grupo Municipal de Goberno sempre tivo e ten unha especial sensibilidade cos nosos maiores, un sentimento compartido por tódolos cidadáns oleirenses. O Pazo de Arenaza restaurarase, nun futuro próximo, e estará en disposición de prestar de novo servizos sociais nas súas instalacións.

◆ Para información dos veciños, cómpre dicir que o concello de Oleiros leva investido durante o 2004 a cantidade de 1.238.000 € só na área de Servizos Sociais. O concello, ademais do Pazo de Arenaza, presta servizo a domicilio a 76 anciáns nas distintas parroquias, e ten nas mesmas, a disposición dos maiores, Aulas da Terceira Idade destinadas á realización de actividades para eles.

◆ Todo canto servizo pón o concello a disposición dos nosos maiores, tódalas actividades que se programan para eles, non son máis ca o compromiso e a conciencia que o Goberno Municipal ten cara eles. **Porque son os anciáns quen merecen, non só o respecto das xeracións que os suceden no tempo, senón tamén a admiración que todos debemos ter por quen levaron unha vida precaria e chea de necesidades, de sacrificios e de entrega ós seus descendentes**, nunhas condicións de vida que nada teñen que ver coas que desfrutamos agora. É o concello de Oleiros, e non outros –os que se dedican a manipularlos e mobelos sen escrúpulos para servir ós seus intereses políticos- o que se ocupa e preocupa polo benestar dos maiores, porque teñan unha calidade de vida digna nesa etapa na que merecen -depois dos esforzos que fixeron durante toda a súa vida- toda a atención e todo o cariño que saia dos corazóns. Alomenos, dos que teñen corazón e sensibilidade cara eles.



■ Unha das dependencias da aula dos maiores na Casa Echeverry en Sta. Cristina

O concello incrementa o seu cadro de persoal para respostar ó incremento da poboación

■ *Oleiros incrementa a súa poboación constantemente. Isto implica un crecemento do traballo na administración local, para satisfacer a demanda social. Por iso, convócanse distintas prazas para cubrir postos de traballo no concello. Unhas son de promoción interna, e outras abertas ó público. Está previsto que a meirande parte destas prazas, estean cubertas entre fins de ano e comezos do vindeiro.*



■ Auxiliares administrativos

Dous funcionarios de carreira para cubrir dúas prazas de Auxiliar Administrativo, polo sistema de concurso-oposición.

■ Delineante

Praza de delineante como persoal laboral fixo, polo sistema de selección de concurso-oposición.

■ 3 traballadores de servizos conductores

Serán cubertas 3 prazas de operarios de servizos conductores, como persoal laboral fixo. O sistema é de concurso-oposición.

■ 1 Praza de Asesor Xurídico

Para ser funcionario interino, convocouse unha praza de Asesor Xurídico, polo sistema de selección concurso-oposición.

■ Graduado Social

Como funcionario interino, convocouse tamén unha praza de Graduado Social.

■ Promoción de cabos da policía local

Xa foron publicadas as bases para a cobertura de 3 prazas no corpo da Policía Municipal –funcionarios de carreira. Dúas delas, son de promoción interna e a terceira é de turno libre. Prevéese que en febreiro tomen posesión xa como Cabos en prácticas, anque logo, teñen que acudir ós correspondentes cursos da Escola Galega de Administración Pública.

■ Outras previsións

Está previsto tamén polo concello, convoca-las seguintes prazas:

- 1 praza de enxeñeiro técnico informático de sistemas, como persoal laboral interino
- 1 praza de enxeñeiro técnico informático de aplicacións, como persoal laboral interino
- 1 praza de suboficial da Policía Local, de acceso libre
- 1 praza de asesor xurídico, funcionario de carreira

Novos postos de traballo creados nos últimos meses no Concello

■ *Para atender mellor e satisfacer as demandas e servizos da crecente poboación do concello, créanse novas prazas, novos postos de traballo. Uns mediante concurso, outros con concurso-oposición, e outros de oposición libre ou con contratos temporais.*

No concello:

Funcionarios

- 7 axentes de Policía Local (neste momento atópanse na Academia Galega de Seguridade facendo o curso de capacitación profesional)
- 5 auxiliares administrativos (interinos)
- 1 Técnico de Administración Especial Informático
- 1 Secretario Xeral do Concello (habilitado nacional)
- 1 Técnico de Administración Especial para contabilidade

Vacantes cubertas por enfermidade ou accidente laboral:

- 1 auxiliar administrativo
- 1 auxiliar notificador

Persoal laboral

- 2 Traballadores Sociais
- 1 Electricista
- 1 Vixiante de Obras Públicas
- 7 limpiadoras
- 8 varredores

Contratos para traballos de temporada

- 6 operarios para limpeza de praias
- 4 auxiliares de Policía Local
- 7 operarios de mantemento xeral
- 1 deseñadora maquetadora
- 3 pintores -en base a un Convenio coa Consellería de Asuntos Sociais-
- 3 carpinteiros -en base a un Convenio coa Consellería de Asuntos Sociais-
- 4 operarios de mantemento xeral en base a un convenio có INEM
- 1 monitor socio cultural
- 5 auxiliares administrativos para reforza-los departamentos de Urbanismo, Intervención, Contratación e Recadación.

Sustituicións por enfermidade ou accidente laboral:

- 3 limpadoras
- 1 operario de mantemento xeral.

Persoal contratado en base o Plan Labora da Xunta de Galicia

- 3 traballadores para Bibliotecas
- 2 para o departamento de Informática
- 1 para o departamento de Turismo
- 5 Peóns
- 1 Técnico en FP II

No Organismo Autónomo Municipal de Cultura:

Persoal Laboral

- 3 auxiliares de Biblioteca a tempo parcial
- 7 expertos docentes para distintos cursos de formación
- 4 monitores de tempo libre
- 1 programador cultural
- 1 animador deportivo
- 1 monitor socio cultural.

Persoal Funcionario

- 1 auxiliar administrativo.

Substitución por maternidade do titular

- 1 conserxe.



300 Nenos e nenas de 2 a 5 anos participan nas “Hortas Escolares” que leva a cabo o concello



◆ Arredor de 300 cativos de entre 2 e 5 anos, das Escolas Infantís de Oleiros, participan do programa “Hortas Escolares” que leva a cabo o concello a través do Organismo Autónomo Municipal de Cultura. Con este programa, preténdese que os nenos e nenas desenvolvan as súas capacidades de investigación e exploración no medio “horta”, así como fomenta-lo uso axeitado das ferramentas da horta, ou estimula-la capacidade de comunicación e sociabilidade dos individuos do grupo. Fomenta-la capacidade de observación para o recoñecemento de cultivos, sementes e animais das hortas, estimula-la participación e implicación nas diferentes tarefas a realizar na mesma, estimula-lo grao de iniciativa e autonomía á hora de realizar un traballo, aprender a asimila-lo proceso de sementeira ou plantación e os coidados posteriores, e realiza-la colleita –completando o proceso- levando cada quen para a súa casa os produtos cultivados, son os obxectivos xerais que persegue este Programa, e que en anos anteriores ten acadado importantes resultados.

Criterios pedagóxicos

- ◆ As “Hortas Escolares” constitúen un recurso educativo, onde deben prevalece-los criterios pedagóxicos sobre os agrícola-productivos, de tal xeito que tódalas tarefas teñen sentido se teñen un contido para o proceso de ensino-aprendizaxe.
- ◆ O planteamento lévase a cabo cunha metodoloxía non agresiva e biolóxica ou ecolóxica.
- ◆ Non se trata dunha leira na que se cultivan leitugas e verzas, senón que é un espazo dentro do Centro de Ensino no que se abordan unha serie de contidos encamiñados a desenvolve-las capacidades, actitudes e valores dos nenos e nenas.
- ◆ Tócanse así nos seus contidos, cuestións como a linguaxe oral e o vocabulario, o afectivo-social, a psicomotricidade, o ámbito intelectual, a capacidade artística, e apréndese tamén a través dos contos e cancións cos que se traballa cos pequenos.



En
OLEIROIS
...o lecer é teu

Non o dubides,
e participa

Se téis entre **14 e 17** anos
ou entre **18 e 35**

Tódalas tardes-noites de venres e sábados.
Tódalas tardiñas do domingo.

Ónde me apunto?

Na Fábrica de Perillo,
do 1 de decembro até o 10 de xaneiro

INFORMÁMOSCHE:
No Centro de Información Xuvenil-CIX-, no 981 636 598

As actividades acuáticas municipais suman máis de 312 participantes 32.000 euros para facilita-lo transporte gratuíto ós rapaces



■ Dende o pasado 2 de Novembro, están en marcha os distintos grupos de actividade acuática municipal dirixido ós alumnos dos centros de ensino públicos de Oleiros.

◆ En concreto son 312 alumnos, 50 máis cá o ano pasado, pertencentes ós centros públicos de educación infantil e de primaria os que participan neste curso escolar da actividade acuática municipal, para a cal o concello facilita o servizo de

transporte de xeito gratuíto, un servizo no que se inviste anualmente 32.000 €. Isto permite así que os escolares das zonas máis alonxadas das piscinas municipais e as familias con menos recursos, poidan acceder facilmente a unha

actividade tan importante dende o punto de vista utilitario, como son a natación e as actividades acuáticas.

O aumento de ocupación deste ano, en parte foi debido á redistribución do alumnado entre

as dúas piscinas municipais, ó contrario do que se facía até o de agora, que era utilizar unicamente a piscina de A Fábrica. Este feito polo tanto permite amplia-la capacidade das dúas piscinas para acoller unha maior oferta.

Oleiros, seleccionada para celebra-lo "XLVIII Campionato de España de Clubes de Halterofilia Copa de S.M. El Rey"

◆ O concello acolleu o "XLVIII Campionato de España de por Clubes Copa de Su Majestad El Rey" os días 10, 11 e 12 de decembro. Dezasete Clubes acudiron a Oleiros para esta competición, e tendo en conta que cada un dos clubes estivo integrado por dez competidores, xunto co cadro técnico que acompañou ós distintos clubes, calcúlase que viaxaron ó concello unhas 300 persoas aproximadamente.

A proposta de se celebrar en Oleiros tan importante competición, foi feita polo propio concello, que o ano pasado celebrou aquí o Campionato Galego de Clubes. Dadas as condicións que ofrece o concello a nivel infraestructural e tendo en conta a boa organización do evento do ano pasado, a Federación Española de Halterofilia tivo en conta estas características, e en base a elas, tomou esta transcendental decisión. Deste xeito, e unha vez máis, o concello de Oleiros proxéctase como escenario máis axeitado para a celebración de todo tipo de encontros, tanto deportivos coma culturais e de calquera outra índole. A repercusión que este evento deportivo tivo en toda España, levou a promover o concello de Oleiros en todo o estado a raíz da celebración deste Campionato.

David Couto recolleu a placa que o alcalde lle entregou pola súa traxectoria deportiva

◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, entregou unha placa de recoñecemento pola excelente traxectoria deportiva, ó oleirense David Couto Cerqueiro, un mozo estudante de Arquitectura Técnica que leva acumulado dende o ano 1999 unha chea de premios que o converte en todo un campión do pedal. O concello de Oleiros recoñece así o labor desenvolvida polos nosos deportistas, promovendo estas prácticas que resultan, non só sans e saudables, senón unha auténtica alternativa de actividades para os mozos e mozas de Oleiros.



Non cales:

aporta as túas suxerencias

O que penses, o que dubides, o que propoñas... envíaio a

alcaldia@oleiros.org

O concello atende e resposta

Porque apostamos pola fluidez da comunicación dos veciños e veciñas de Oleiros co Goberno Municipal que os representa

Comezaron as actividades extraescolares municipais

Xogos infantís, laboratorio das artes, música na túa casa...



■ *Coa intención de dar continuidade ó traballo desenvolvido o ano pasado, o 29 de novembro comezou o 29 de novembro a nova edición para o Curso escolar 2004/05 das actividades extraescolares: "xogos infantís", "laboratorio das artes" e "música na túa casa". É un traballo de estimulación para os nenos que comecen este ano, e de ampliación de novos obxectivos para os de catro e cinco anos. O curso escolar convértese así para os cativos de Oleiros, nun ano máis levadeiro e divertido, por conxugaren a aprendizaxe co divertimento. Os alumnos das escolas de educación infantil de O Corgo, A Braña, Esquíu e O Vilar, e tódolos nenos/las das parroquias das respectivas Casas do Pobo, teñen dereito a participar destas actividades.*

✓ Os xogos infantís

◆ Ve-la actividade física coma un momento de disfrute e expansión, percibi-las Casas do Pobo coma un lugar propio para desenvolve-los seus momentos de xogo e divertimento, coñecer e aplicar unhas mínimas normas de convivencia nos espazos compartidos, desenvolver valores de colaboración, o respecto á diversidade e o coidado do medio, coñece-lo seu contorno máis próximo, espazos e actividades da súa Casa do Pobo, e potencia-la creatividade e a expresividade, son os obxectivos destas actividades, guiadas todas eleas por animadores titulados.

✓ Laboratorio das Artes

◆ Os nenos e nenas teñen unha creatividade e expresividade innatas, que neste "Laboratorio das Artes" canalízanse de acordo cos obxectivos que se perseguen no mesmo, como educar ós nenos e nenas artisticamente, coñecer diversos materiais, descubri-las técnicas básicas para expresarse artisticamente, lograr o achegamento á Arte, e outros moitos que sen dúbida, contribuirán a un maior e mellor desenvolvemento mesmo da personalidade dos cativos. Debuxo, pintura, taller de gravado e estampación, collage, modelado e construción, son as actividades que se inclúen neste programa destinado a rapaces/zas de 3 a 6 anos.



✓ Obradoiro "Música na túa casa"

◆ Destinado a nenos e nenas dende os 3 anos de idade, para inicialos na música e nos exercicios psicomotrices, pois ó facer este achegamento a tan curta idade, para os cativos suporá un avance tanto nas súas habilidades coma no posterior aproveitamento do ensino musical. Estas clases impartiranse fundamentalmente nas Casas do Pobo, así coma noutros locais acondicionados. Interioriza-lo ritmo, coñece-los instrumentos polo son, forma e nome, desenvolve-la coordinación dinámica xeral, realiza-la respiración diafragmática, ubica-la fonte de son ou diferencia-las notas das liñas ou espazos, recoñece-las cancións pola súa melodía, disfrutar con todo o relacionado coa música, participar en tódalas actividades, identifica-las familias dos instrumentos... son parte das actividades que se inclúen neste Obradoiro.

Suscríbete ó Boletín Electrónico do Concello



Se queres estar ó día de tódalas informacións que se producen no concello:

Suscríbete ó Boletín informativo electrónico

Na web hai unha ventá á esquerda da páxina principal, na que tan só con poñe-lo teu nome e o correo electrónico, recibirás cada día tódalas novas, tódalas informacións que se producen na administración municipal.

**NON RENUNCIAS
A ESTAR
INFORMADA/O**

A campaña a favor do pobo palestino chegou a todo o mundo

O concello recibíu milleiros de xestos de solidariedade dende tódolos continentes

■ Cando o concello de Oleiros presentou a campaña a prol do pobo palestino o 8 de outubro pasado, insistíu no obxectivo da mesma: conseguir que a comunidade internacional tomase conciencia da inxusta e indiscriminada agresión que o máximo mandatario israelí estaba facendo contra dun pobo que só defende o seu dereito á terra, o seu dereito a ter un territorio de seu. Daquela, e seguindo a práctica que este concello ten

levado infinidade de veces a cabo na súa defensa polos pobos desfavorecidos, imprimiuse unha camiseta e fixéronse públicos uns eslogans alusivos á campaña. Pero o fundamental sempre foi, e así se dixo, sensibilizar á sociedade na toma de conciencia sobre as inxustizas que sufría este pobo, naquel momento co falecido Yaser Arafat á cabeza.

◆ Nunca unha campaña de solidariedade levada a cabo en Oleiros acadou a transcendencia internacional que acadou esta, gracias ó 'mosqueo' que o Embaixador de Israel en España, Víctor Harel, colleu ó enterarse, "curiosamente máis dun mes despois", da existencia desta campaña. Hai que recoñecer que foi 'gracias a el' que esta campaña chegou a tódolos recunchos do mundo, co cal, efectivamente, os cidadáns, a comunidade internacional, tomou conciencia deste tema, e así o manifestaron os milleiros e milleiros de correos electrónicos e chamadas telefónicas recibidas na Alcaldía, manifestando a plena solidariedade coa campaña, na persoa do Alcalde García Seoane.

Certo é que tamén se recibiron correos electrónicos, arredor de 2.000, acusando, amenazando e maldicindo ó rexedor municipal; uns correos que, curiosamente, comezaron a chegar no intre xusto en que remataba a conversa que o Embaixador de Israel mantiña con García Seoane, e na que este recibíu serias ameazas e advertencias de campañas contra do acto solidario que estaba facendo o concello; non fai falla ser moi intelixente para deducir que estas 'misivas' respostaban a unha campaña orquestrada dende a institución diplomática.



Cidadáns de 48 países interesáronse pola campaña a través da páxina web

CONVENIO DO PAZO DE XAZ



◆ O Goberno Municipal acordou cunha entidade promotora a construción dun Campo de Golf de 18 buratos, na parroquia de Dorneda, que afecta a unha extensión de 1.200.000 m² de superficie, colindando coas parroquias de Liáns e Oleiros. No convenio, no que se prevén as compensacións para facer realidade o

citado Campo de Golf, delimitaranse áreas de espazos urbanizables dentro do ámbito dos 1.200.000 m². Con este convenio, e unha vez aprobada a reforma do Plan Urbanístico, o concello pasará a ser propietario do Castro de Xaz, que abrangue unha superficie de 38.000 m², unha zona verde de 195.000 m², 15.000 m² no Parque trala praia de

Bastiagueiro pequeno, o actual Campo de Fútbol, así coma dos terreos sobre os que irá emprazado o Campo de Golf, sendo a explotación do mesmo feita polos propios promotores asinantes do convenio.

O Pazo de Xaz será, con cáseque toda seguridade, a sé do Club de Golf.

Papeis e cartóns, ó caixón azul

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, ó contedor de tapa verde

Inertes, ó contedor de tapa laranxa

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

Lembra!

Non tíre-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
Respecta os horarios (entre 9 e 12 de noite)

Horarios de recollida do lixo:

Zona Perillo - Sta. Cristina - Bastiagueiro, *de luns a sábado:*
Inerte, de 23:00 a 05:00 hs. - **Orgánico**, de 06:00 a 12:30 hs.

Resto do Concello, *de luns a sábado:*
Inerte e orgánico, de 06:00 a 12:30 hs.

Horario do Punto Limpo

De luns a venres: de 09:30 a 13:00 hs.
de 15:30 a 19:00 hs.

Sábados: de 09:00 a 14:00 hs.

Un servizo municipal
xestionado polo
Consortio As Mariñas.
Telf.: 981 783 455

